

CIRCULAR N° 18/00 DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE COMPLETA A CIRCULAR NÚMERO 1/98 POLA QUE SE ACLARAN POSIBLES DÚBIDAS EN RELACIÓN CO PROCESO DE ELECCIÓN, COMPOSICIÓN E CONSTITUCIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBEMO DOS CENTROS PÚBLICOS DE ENSINANZA NON UNIVERSITARIAS.

A publicación da Decreto 7/1990, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, amplía o marco legal establecido polos Decretos 324/1996, do 26 do xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado, polo Decreto 279/1990, do 27 de abril.

Co obxecto de aplica-la citada normativa á casuística dos centros públicos integrados resulta conveniente, face-las seguintes precisións:

Primeira.- Complétase o apartado 1º da Circular nº 1/98 desta Dirección Xeral de data 2 de febreiro de 1998, engadindo o seguinte parágrafo:

"Os efectos de elección do Consello Escalar, nos centros públicos integrados, cando o Decreto 7/1999 fai referencia ó número de unidades, deberán contabilizarse tódalas que estean xuridicamente creadas no momento da elección, tanto de educación infantil e educación primaria como de educación secundaria".

Segunda.- A composición do Consello Escolar dos centros públicos integrados de menos de oito unidades será a mesma que a establecida para os institutos de educación secundaria no punto oitavo a Orde do 21 de outubro de 1996 pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do Consello Escolar dos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, e se fixan as súas datas de celebración (DOG do 22).

Santiago, 24 de outubro de 2000

O Director Xeral de Centros e Inspección Educativa

Asdo.: Severino Somoza Gómez